

Procurar solucións para a prioridade das bicicletas e motos nos semáforos onde isto for posíbel (posición avanzada).

Crear máis prazas de estacionamento para motos naquelas zonas da cidade onde aínda non hai ou son insuficientes.

Arranxar de maneira inmediata as fochancas nas estradas, importante para todos os vehículos, mais fundamental para a seguridade de ciclistas e motoristas. Así mesmo, vixiar que non existan puntos negros de empozamento por pluviais nas estradas e, cando se detectaren, corríxilos con urxencia.

Prestar atención á aparición das perigosas manchas de aceite na estrada para poder eliminalas con urxencia.

Instalar bolardos de material flexíbel para evitar danos en caso de colisión ou caída.

Velar para que os tramos de estradas en que sexa depositada grava solta estean correctamente sinalizados e cunha anticipación suficiente para todo tipo de vehículos.

Santiago de Compostela, 28 de outubro de 2015

A handwritten signature in black ink, appearing to read 'Rubén Cela', with a large, sweeping flourish extending to the right.

**Rubén Cela**  
**Portavoz do grupo municipal do BNG**

**ILMO. SR. ALCALDE DO EXCMO CONCELLO DE SANTIAGO DE COMPOSTELA**